

Consellería de Traballo e Servicios Sociais

Orde do 11 de xuño de 1992, da Dirección Xeral de Traballo e Promoción de Emprego, pola que se determinan os servizos mínimos, dirixida a garantir os servizos de limpeza no asilo de San Marcos en Santiago de Compostela.

O artigo 28.2 da Constitución reconece como dereito fundamental da persoa o dereito de folga.

O exercicio deste dereito na Administración e nas empresas, entidades ou institucións públicas ou privadas que presten servizos públicos ou de recoñecida e inadiante necesidade no ámbito e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, está condicionado ó mantemento dos servizos esenciais fixados no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG nº 116 do 20 de xuño de 1988), entre os que se encontra a asistencia social.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde, e ante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade para aseguralo mantemento de tales servizos, así como para determinalo persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga para o sector de limpeza de edificios e locais na provincia da Coruña, desde o 25 de maio con carácter indefinido, que afecta ó persoal da empresa Limpiezas Salgado, S.L. que presta o servizo de limpeza no asilo de anciáns de San Marcos, de Santiago de Compostela, a Consellería de Traballo e Servizos Sociais, ós da empresa e o comité de folga,

DISPÓN:

Artigo 1º

A convocatoria de folga con carácter indefinido que afecta ó persoal da empresa Limpiezas Salgado, S.L., que presta o servizo de limpeza no asilo de anciáns de San Marcos, de Santiago de Compostela, enténdese condicionada ó mantemento dos servizos mínimos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º

Os servizos mínimos do persoal de limpeza mentres dure a folga serán realizados por tres traballadores en quendas rotatorias, que serán designadas pola empresa.

Artigo 3º

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde será sancionada de conformidade coa lexislación vixente aplicable.

Non será obrigatoria a súa prestación polo persoal previamente designado para iso consonte o artigo 2º, cando se cumpran os servizos mínimos co persoal que non secunde a folga.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta orde entrará en vigor o doce de xuño de 1992.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1992.

Manuel López Pérez

Director xeral de Traballo e Promoción de Emprego

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira - A Coruña).

A Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, establece a necesidade de adecuar a xestión dos espazos naturais protexidos e das especies que se van protexer ós principios inspiradores dela, para o que se fai precisa a posta en vigor dun instrumento de planificación dos recursos naturais que permita acadalos obxectivos de conservación do ecosistema e dos valores naturais, e harmonice os distintos intereses que xorden polo uso sostido e o disfrute público destes espazos.

O Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais e das especies e elementos singulares da fauna, a flora e a xeografía de Galicia que polo seu valor e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

O procedemento de elaboración do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira) incluíu os trámites de audiencia ós interesados, información pública e consulta dos intereses sociais e institucionais afectados.

Por estas razóns, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e logo de deliberación do Consello de Goberno, na súa reunión do día 5 de xuño de 1992,

DISPOÑO:

Artigo 1º

De acordo co establecido no título II da Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, apróbase o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (concello de Ribeira), como instrumento de ordenación do espazo natural.

Artigo 2º

O complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán ocupa unha superficie de 996,25 h, e os límites son os que a continuación se describen:

Norte.—Vila de Corrubedo e estrada de acceso a esta desde Artes.

Sur.—Camiño que une a parroquia de Vilar con Liboi ata punta Corbeiro.

Leste.—Camiño que comunica as parroquias de Artes e Vilar.

Oeste.—Océano Atlántico.

Artigo 3º

Para facer compatible no complexo dunar a conservación dos recursos naturais con distintas actividades que se desenvolvan nel, clasifícase o territorio nas seguintes categorías:

ZONA I: área litoral.—Define esta zona a franxa costeira comprendida entre o núcleo urbano de Corrubedo e punta Corbeiro, incluíndo as praias de Corrubedo, Lagoa e Angueira, xunto co complexo dunar adxacente.

ZONA II: duna móbil.—Formada polo gran cordón dunar activo de orientación NE-SO.

ZONA III: lagoas e marismas.—Comprende esta zona as lagoas de Carregal e Vixán e as marismas circundantes, incluíndo no caso da lagoa de Vixán o cordón dunar e tramo de praia que a separa do mar.

ZONA IV: zona perimetral.—Abarca esta zona os terreos destinados na actualidade fundamentalmente a pastos, cultivo e bosque que, sen estaren comprendidos en ningunha das zonas descritas anteriormente, se atopan dentro dos límites do espazo sinalados no artigo 2º

Artigo 4º

Para a consecución dos obxectivos previstos no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais establécense unha normativa de protección, específica para cada zona.

1. Usos e actividades permitidas:

ZONA I.

a) Os accesos á zona de dunas quedarán condicionados ó desenvolvemento de actividades científicas e educativas, as de conservación do complexo dunar e as tradicionais descritas no punto c seguinte.

b) Actividades recreativas. Estarán permitidos nas praias os usos de espaxamento asociado a zonas litorais: paseo, baño, xogo e actividades deportivas non permanentes.

c) Actividades tradicionais. Permitirase a recollida de algas e o marisqueo, de conformidade coa lexislación específica.

ZONA II.

a) O acceso á plataforma de avance da duna quedará limitado a peóns.

b) Actividades recreativas. Permitirase o uso de espaxamento extensivo que pola súa natureza non ofrezca perigo para a conservación da duna e os seus arredores.

ZONA III.

a) Actividades recreativas e científicas. Permitiranse aquelas que supoñan observación e estudo do medio natural.

b) Actividades agropecuarias. Permitirase a sega de xunqueiras nas condicións e datas que fixe a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

ZONA IV.

a) Actividades recreativas. Permítese o camping dentro da zona sinalada para tal fin, de acordo coa normativa específica en materia de turismo.

b) Actividades tradicionais. Permítese os usos agrícolas, pecuarios e forestais tradicionais na zona. O aproveitamento forestal regularase segundo as normas específicas fixadas pola autoridade competente.

c) Actividade edificatoria. Permitirase exclusivamente nos núcleos rurais consolidados e urbanos (Bos Aires, Corrubedo, Oliveira, A Igrexa, Artes, Casalnovos, Vilar, Vixán e A Graña) e nunha franxa de douscentos metros, medida de cara ó interior do parque, a partir do límite do complexo dunar a excepción do Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia. As condicións mínimas para a edificación nesta banda serán as dispostas pola normativa urbanística que afecte o concello de Ribeira.

d) Aparcamentos. Soamente se autorizará a construción de aparcamentos nos seguintes lugares:

—Proximidades da praia de Vilar.

—Campo de fútbol de Artes.

—Campo de fútbol de Oliveira.

e) Servicios. Soamente se permitirá a instalación de servizos de hostelería no camping e no Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia.

f) permitirase a utilización deportiva dos campos de fútbol de Oliveira e Artes.

2. Usos e actividades prohibidas:

Salvo os derivados da administración e xestión, en todo o espazo natural quedan prohibidos os restantes usos con carácter xeral, e expresamente os seguintes:

ZONA I.

a) Actividade extractiva. Prohíbese calquera movemento de terras por medios mecánicos ou manuais e, taxativamente, a extracción de area.

b) Actividade constructiva. Non se permite ningún tipo de construción, obra de fábrica ou calquera actuación que modifique o medio natural.

c) Actividade agraria. Prohíbese calquera tipo de actuación sobre a capa vexetal presente nos cordóns dunares, así como a plantación de especies vexetais alleas ós ecosistemas naturais da zona.

d) Actividade cinexética. Prohíbese todo tipo de caza ou captura de calquera animal, exista ou non veda.

e) Outras actividades. Prohíbese a acampada libre, a entrada de vehículos ou similar, as carreiras de cabalos e o adestramento de cans de caza.

ZONA II.

a) Actividade extractiva. Prohíbese calquera movemento de terras e moi expresamente a extracción de area, tanto na duna como na plataforma de avance e zonas adxacentes.

b) Actividade constructiva. Prohíbese calquera tipo de construción ou imprantación de elementos alleos ó medio natural.

c) Outras variedades:

—Circulación. Prohíbese a circulación de vehículos motorizados por esta zona e, moi expresamente, a práctica de calquera modalidade de motorismo e todo terreo.

—Prohíbese o acceso peonil ou mediante medio de transporte animal a esta zona por fóra dos camiños e veréas especificamente establecidos para isto.

—Prohíbense as carreiras de cabalos.

—Prohíbese o adestramento de cans de caza.

ZONA III.

a) Actividade cinexética. Prohíbese todo tipo de caza ou captura de calquera especie animal, exista ou non veda.

b) Actividade constructiva. Non se permitirá ningún tipo de construción, obra de fábrica ou calquera actuación que modifique o medio natural.

c) Camping e acceso. Prohíbese o acceso con vehículos de motor á zona e o camping en calquera modalidade.

—Prohíbense as carreiras de cabalos.

—Prohíbese o adestramento de cans de caza.

3. Infraestructuras:**ZONA I.**

Salvo aquelas infraestructuras necesarias para a xestión e ordenada utilización do espazo natural, establécense as seguintes limitacións:

a) Liñas. Non se permite o tendido de liñas eléctricas, telefónicas ou telegráficas.

b) Vías. Prohíbese a utilización de tódalas vías que estean expresamente sinalizadas como de acceso ás praias, así como a apertura doutras novas.

c) Aparcamentos. Prohíbese a construción de aparcamentos.

d) Aloxamento e hostelería. Prohíbese a instalación de calquera edificación ou servizo de hostelería ou aloxamento.

ZONA II.

a) Liñas. Non se permite o tendido de liñas eléctricas, telefónicas ou telegráficas.

b) Vías. Prohíbese a circulación rodada a través da plataforma de avance. Consecuentemente, quedan fóra do uso as vías existentes e prohíbese a apertura doutras novas.

c) Aparcamentos. Prohíbese a construción de zonas de aparcamento.

d) Aloxamento e hostelería. Prohíbese a instalación de calquera edificación ou servizo de hostelería ou aloxamento.

ZONA III.

a) Liñas. Non se permite o tendido de liñas eléctricas, telegráficas ou telefónicas.

b) Vías. Prohíbese a apertura de novas vías dentro desta área, excepto os carreiros peonís que se prevexan.

c) Aparcamentos. Prohíbese a construción de zonas de aparcamento.

d) Aloxamentos e hostelería. Prohíbese a instalación de calquera edificación ou servizo de hostelería ou aloxamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. Facúltase o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para dicta-las disposicións necesarias para desenvolve-lo presente decreto.

Segunda. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes